



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE SETEMBRO DO 2020.-

ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. ASISTEN VIDEOCONFERENCIA : Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e cincuenta minutos do día vinte e oito de setembro do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Ratificación cambio de hora sesión plenaria

Sometida a votación a ratificación cambio de hora da sesión plenaria o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 PP, 2 BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 2.- Aprobación se procede da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2020.

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente a sesión plenaria do día 27/07/2020 o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP) e 2 abstencións (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 3.- Aprobación conta xeral exercizo 2019.

Dáse conta do informe do Secretario-Interventor "Conta Xeral do exercicio económico de 2019" de data 15 de maio de 2020, do seguinte teor literal:





De conformidade co establecido no artigo 200.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na Regra 88.1 da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, procedeuse a formar a **Conta Xeral do exercicio económico de 2019**, en relación coa cal emítese o seguinte

INFORME CONTA XERAL 2019

PRIMEIRO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 22.2 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Os artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- As Regras 85 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Simplificado de Contabilidade Local.
- Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático que facilite a súa rendición.
- Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- A Orde A Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

SEGUNDO. A Conta Xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumprir esa obrigaón formal de render contas, se non que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario; é dicir, é o instrumento que permite á Corporación e os administrados coñecer qué se fixo durante un exercicio orzamentario, permite controlar o uso e destino que se deu a un volume máis ou menos importante de fondos públicos; é, en definitiva, un mecanismo de control.

TERCEIRO. A Conta Xeral das Entidades Locais estará integrada por:

A da propia Entidade.

A dos seus Organismos Autónomos.

As Contas das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade da mesma.

CUARTO. A Conta Xeral da Entidade e a dos seus Organismos Autónomos está integrada por toda a documentación esixida pola Normativa vixente, segundo o detalle e o contido que se sinala a continuación:





- a) O Balance.
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.
- c) O estado de Liquidación do Orzamento.
- d) A Memoria.

Ás contas anuais da propia Entidade Local e de cada un dos organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.
- En caso de que o Pleno da Corporación así o establecese, á Conta Xeral acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que determinase.

QUINTO. Achégase ao presente informe de Intervención, o Balance, a Conta do Resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria, segundo os Modelos e co contido regulado na a Cuarta parte «Contas Anuais» do Anexo da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

Esta documentación poderá ser presentada en soporte informático tal e como establece a Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, polo que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático, que facilite a súa rendición e a Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.

De acordo con todo elo, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral do exercizo 2019 así formada, por esta Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Cumpre insistir que nos termos das regras 102.4 da Orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro (Instrucción do modelo normal de contabilidade local) "a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización de esta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectadas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas".

De acordo con todo iso, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral así formada, por esta Secretaría-Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

En Ares, a 15 de maio do 2020.





O Interventor,

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que este punto é aprobación xeral do exercicio 2019 que é o resultado de como se gastou en relación ao que había aprobado no orzamento para gastar entón, a conta xeral é a excepción a que efectivamente se suma a excepción orzamentaria efectiva mis os modificados de créditos correspondentes en consecuencia, é a radiografía do gasto efectivo e saberes que é un requisito ineludible para concorrer efectivamente a subvencións e demais.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando o bo día a todos/as manifesta que a conta xeral que nos dá a información sobre outro documento importante que se debate neste pleno que é os orzamentos que está directamente vinculada polos orzamentos e a previsión e a conta xeral é o que realmente aconteceu nese orzamento. Nese sentido está ben clara a relación entre ambos e por iso que no debate orzamentario nos defendiamos que as contas con as previsións non eran previsións reais e que estaban avultadas e de aí se despexan as cifras negativas en exceso ou defecto de previsión que ben hoxe na contra xeral, porque é distinto que haxa una cifra negativa habendo ou non decretos pendentes de cobro, senón hai decretos pendentes de cobro e é una cifra negativa está claro que o que estivo mal foi a previsión, si hai decretos pendentes de cobro e da unha cifra negativa o que falta é un traballo por parte da administración que non é áxil a hora de reclamar eses dereitos pendentes de cobro polo tanto, temos claro que o concello debe de cargar as pilas nese sentido. Así e a brote pronto tras ver o informe de secretaría-intervención que realmente se resume a tres páxinas que o único que constata é a cuestión legal da que non dubidamos que é así que se ten que facer ese procedemento, nos vimos a pedir aquí unha vez máis a praza de interventor porque está claro que é moi necesaria neste concello.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa primeira intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que xa por estar na oposición non temos acceso ao gasto entón non podemos dar a nosa aprobación a isto porque é unha responsabilidade do goberno, sabemos que é un trámite oficial que teñen que facer os funcionarios e estamos unidos por lei, incidir un pouco no tema do interventor non compretimonos niso e si este ano poderíamos cubrir esa praza e eu espero que por parte do goberno se faga porque ao Sr. Secretario lle ven grande, non dá feito e a praza hai que cubri-la por que é fundamental, imos crescendo e cada vez máis e este concello necesita un interventor. Por outro lado, o control de gasto é unha responsabilidade do goberno, o orzamento é unha previsión e ao final que non coincidan iso é normal, e o que ten que quitar adiante isto é o grupo de goberno e nós imos a votar en contra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que non vimos a debater o documento cando xa está aquí e é inamovible e por moto que debatamos gastouse como se gastou e a conta xeral é algo irrevogable porque responde ao gasto e en consecuencia non imos a entrar en debate pero si





quen queira unha segunda queda de intervencións pos pode pedir a palabra.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que esperaban unha defensa política por parte do goberno ao respecto das cifras máis alá do que é a formalidade que si que estamos de acordo que o que ben a dicir aquí é o que é, e entenderase ben que goberno fixera una defensa política defendendo o documento orzamentario como está reseñado. Así e a todo, nos tamén consideramos que as cifras que aí se poñen, non son as cifras coas que nos podamos fiscalizar e iso é porque a nosa xestión fiscalizadora está bastante limitada neste concello, de feito desde fai moitos anos sempre foi a nosa batalla legal, nalgún momento se nos dixo que era pola aplicación da deputación que non permitía sacar a concreción dos gastos e polo tanto non se nos daba, e nos sempre decimos o mesmo, nós non temos ningún interés que se nos dé esa finalidade dos gastos, vale que nos den a información que mete a funcionaria, quero dicir non é necesario, sabemos que a que mete a funcionaria é a que vai a saír, se o programa non permite esa cifra, nós encantados de que nos diga cales son as cifras que meter entón, debido amén a esta limitación na nosa labor de fiscalización como parte da oposición pos tampouco lle podemos dar un aprobado, loxicamente a una cuestión na que nos non temos a posibilidade de fiscalizar de todos os xeitos nos chama a atención a previsión orzamentaria, de todos os xeitos na IBI urbana había unha previsión inicial de ingreso de un millón setecentos cincuenta mil e recadaronse un millón catrocentos seis mil setecentos corenta e tres é dicir hai defecto de previsións de menos trescentos corenta e tres mil dous cento cincuenta e seis pasa tamén co servizo de recollida de lixo cunha previsión de cincocentos sesenta e cinco mil e hai defecto de previsión de menos cincuenta e un mil novecentos cinco ou taxa por anuncio no BOP cunha previsión de cento quince e recadáronse cincuenta mil e hai un defecto de menos sesenta e catro mil euros ben, hai algunha cantidade máis tamén e o resultado é negativo, nalgúns casos non é una cantidade desorbitada ao respecto da revisión o cal si se xustifica dalgunha maneira, pero estas cantidades que acabamos de referencia si que chaman a atención polo avultado que son na súa referencia entre previsión inicial e recadación entón tampouco creemos que vaia a te montó máis debate en si o que é o documento da costa xeral, polo que é o tema que citaba antes o Alcalde que é un formalismo administrativo pero si que está mi relacionado cuns orzamentos e agora que estamos en tempo de preparar xa os orzamentos, nós pedimos que este ano se fagan apuntillando máis e tendo un pouco máis de criterio ao respecto do que é a realidade e ao respecto do que é os dereitos de cobro que o concello tal e como o anuncio o goberno noutra ocasión que o faga valer a súa situación e o se dereito que o faga reclamar eses dereitos pendentes de cobro polo vía apremo ou como sexa para que dalgunha maneira sanear un pouco e que as cifras das que se dependen eses documentos sexan realmente certas e non sexan doutra maneira, nos xa anunciamos que o nos voto anda non estando mi a favor de sistema de onde non vemos a posibilidade de fiscalizar non nos imos a opoñer senón que imonos a abster.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa segunda intervención dando as grazas.

Sometida a votación a “**Aprobación conta xeral exercicio 2019**” o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) 3 en contra (3PP) e 2 abstencións (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 4.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.





De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 5.- Mocións-Propostas

A) Moción do B.N.G: Prestación do servizo de abastecemento a usuarios e usuarias de Ares.

Dáse conta da moción presentada polo B.N.G “Prestación do servizo de abastecemento a usuarios e usuarias de Ares” de data 15 de agosto de 2020, que a continuación se transcribe:

O GM do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta para o seu debate plenario a seguinte **MOCIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO A USUARIOS E USUARIAS DE ARES.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche e utilización de contadores e instalacións análogas, establece que “*Constitúe o feito impositivo da taxa a prestación do servizo de distribución de auga, incluído os dereitos de enganche e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.*”

Dende o mes de xuño a prestación do servizo de distribución de auga nalgunhas vivendas é moi deficiente, non recibindo a presión suficiente para cuestións tan básicas como o funcionamento do quentador de auga e tendo que facer a coada, ben en horas intempestivas ou en establecementos comerciais, co custe engadido que supón.

O abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento (vertedura e depuración) trátanse de servizos municipais (artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local) cuxa prestación lles vén imposta a todos os concellos (artigo 26.1 da mesma Lei) e respecto dos cales se establece a súa reserva a favor das entidades locais (artigo 86.3, tamén do texto legal citado), o primeiro deles é imprescindible para a vida social ou privada dos solicitantes e o segundo é de recepción obrigatoria.

Como proba evidente das deficiencias no servizo baste traer a colación as declaracións do Alcalde de Ares en diversos medios de comunicación e redes sociais, onde recoñece a situación e a relaciona co diámetro da tubaxe que trae a auga a Ares, insuficiente para atender tanta demanda nos meses de verán, ademais da situación dalgúns tramos no centro de Ares onde as liñas non aguantan a subida de presión, xa que provocarían roturas.





O pasado 29 de Xullo, en instancia presentada polo noso Grupo Municipal no rexistro deste Concello e ao respecto de problemas de abastecemento en Cervás e Ares solicitábamnos no pto. **5.- Solución urxente á problemática do abastecemento en vivendas de Ares, valorando incluso bonificacións -ou outro tipo de medidas- nas facturas, sobre dun servizo básico que non están a recibir en condicións.**

Dende aquela, non temos constancia da toma dalgunha decisión ou medida por parte do goberno municipal

A veciñanza que sofre dita situación síntese loxicamente prexudicada pola actividade do Concello e de acordo coa Constitución e as Leis, teñen dereito a ser indemnizad@s por toda lesión que padezan nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos municipais, salvo nos casos de forza maior, e que ese Concello debe responder directamente aos danos e prexuízos causados nos termos establecidos pola lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

Que concorren os seguintes requisitos:

- A efectiva realidade dun dano ou prexuízo avaliable economicamente e individualizado, en relación a unha persoa ou grupo de persoas que non teñan a obrigaón de soportalo por non existir causa algunha que o xustifique.
- Que o dano ou lesión patrimonial nos bens e dereitos sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos municipais e non se produciu por causa de forza maior. Por servizo público enténdese toda actuación, xestión ou actividade da función administrativa exercida mesmo coa omisión ou pasividade cando a Administración ten o concreto deber de comportarse dun modo determinado sen que teña relevancia o que o servizo se preste por concesionario ou por Fundación, Instituto, Organismo ou Empresa Municipal .
- Que entre o dano e o funcionamento do servizo municipal exista unha relación directa de causa a efecto, sen intervención estraña que puidese influír no nexo causal ou negligencia graves imputables ao prexudicado.

POLO EXPOSTO, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ares, solicita deste pleno a aprobación do seguinte acordo





1. Que non se lle facturen a taxa por subministro de auga potable á veciñanza que padece da deficiencia do servizo, dende o mes de xuño e namentres non se preste o mesmo coa calidade debida, procedendo á devolución das taxas xa cobradas.

En Ares, a 15 de agosto de 2020

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías este é un tema que xa comentamos anda que non se tomara ningunha decisión, nos o que pretendíamos ca moción era para que houbera unha decisión, o tema é coñecido e ten que ver ca precariedade do servizo de abastecemento nalgunhas vivendas do concello, e están sufrindo os usuarios mas que nada na empata de verán, temen limitado o se servizo de auga o cal non poden utilizar e por iso que toda vez que o concello recoñece que hai un problema de abastecemento que por outro lado parece que está en vías de solución aínda que a solución non vai ser inmediata, vai ser a medio ou longo prado supoñemos, nos entendemos que ha que te una consideración con toda esta xente que se vi prexudicada polo servizo de abastecemento e creemos que a maneira era de aboar ese gasto de subministro que fixeron ou polo menos ducha parte. Cando saíu o debate e o falamos tamén en comisión, o goberno xustificaba que non había maneira de devolverlle unha taxa o cal nos podemos hasta estar de acordo realmente é a taxa do contador e o que conta o que consume polo tanto o que consumiu consumido está e non hai nada que dicir pero nos o que queríamos devolver e que como parte gobernante digamos que antellara dalgunha maneira algunha iniciativa para ter en conta a esta xente e para que dalgunha maneira recoñecer quen realmente está sufrindo ese abastecemento mediante algunha iniciativa que poidan ver ese reñecemento economicamente. Nos mantemos ese punto que non se facture a taxa do subministro de auga potable a veciñanza que está sufrindo con este servizo mentres non se preste coa calidade de vida pero amén estamos dispostos a retirar ese punto sempre e cando o goberno accede a te outra solución similar a esta polo tanto a nosa oferta queda aí e esa e parte da presentación da nosa moción.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o tema que ben hoxe ao pleno non se pode levar a efecto porque como valoras iso, eu creo que isto deberíase de retirar porque para presentar unha moción hai que levar unha proposta concreta, como valoras a xente ou favorecer a quen, como se fai iso, hai que ter unha proposta concreta porque a proposta que ven hoxe aquí o propio goberno recoñece que non se pode levar a cabo. Eu creo que hai que traer unha proposta concreta que diga que se vai facer así, así, así e vanse a beneficiar a metade dos veciños/as polos danos causados, pero isto había que traelo aquí para a súa aprobación, xa foi a comisión, agora ven ao pleno, xa se votou a urxencia e agora que imos a votar neste pleno, eu creo que si por parte do que propón non da unha idea de cales son as medidas que se





poden tomar ou que se poden aprobar pois non lle vexo percorrido, eu non sei o que pensan o resto dos partidos políticos, entre todos podemos pensar unha idea e si alguén se lle encende unha luz e ten unha idea para beneficiar a toda esta xente prexudicada pois aquí estamos nós para apoiar pero tal e como ben aquí non ten validez ningunha.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o grupo de goberno recoñece que hai un problema que fundamentalmente se pode identificar os domingos pola mañá, os domingos pola mañá a xente levántase máis ou menos na mesma franxa horaria polo que non se distribúen ao longo de toda a mañá para o uso do auga e a media mañá entran todos os servizos en acción e hai unha caída brutal da presión e non chega aos pisos máis altos non a todos pero é moi difícil identificar cales son entón claro, identificar aos posibles beneficiarios das posibles medidas a adoptar é moi difícil porque non poden ser unha identificación subxectiva, din eu teño problemas no terceiro, pero resulta que no cuarto non os ten entón é certo que as veces son outras motivacións para protestar, non sempre son obxectivas as veces son subxectivas e este verán tivemos cinco roturas nos bombeos de Cervás e para paliar a deficiencia de carga no depósito se poñían a funcionar os depósitos para que tiveran auga en Cervás e ese detrimento de auga notábase tamén en Ares entón decidimos suprimir auga en Cervás días enteiros porque a rotura que había cargaba os depósitos e non podíamos cargar os depósitos porque lle quitábamos a auga a Ares, estábamos nunha situación de conflito de intereses onde tiñamos que decidir entón, o problema existe pero non existe de agora non, eu recordo cando gobernaba Manuel Mugar dos poñía a funcionar a aceleradora quedabamos sen auga en Ares e chamabamos ao servizo de augas e resulta que ían aí a pelexar con Mugar dos para que apagaran a aceleradora porque Mugar dos poñía a funcionar a aceleradora cando lle daba a gana, incluso en horario de mediodía non, cando a xente tiña que facer a comida. Cando eu entrei na Alcaldía existía esa situación e tiven que pelexar con Barcia a dicirlle que por favor no encendera a aceleradora, unha vez que conseguimos que non se encendera a aceleradora porque xa non era necesario porque desdobrouse a tubaría quedamos ben, na primeira lexislatura non houbo ningún problema pero este goberno empezou a repartir o auga, levou o auga a Lubre, Cervás, Chanteiro, Malata a mil sitios entón volveu a aparecer o problema, xa non era o problema da aceleradora de Mugar dos era o problema de repartir o auga que entra por 250 mm dun tubo, foi cuestión de repartila máis e non chega e en verán temos picos de doce mil ou trece mil habitantes e non chegan, e si todos os pisos que se fixeron en Ares, todos Anclas, Jofer, Avda de Mugar dos que non remataron Mazote e Porto se todos os pisos que están sen vender que son oitocentos chegaranse a vender, senón houbera a crises do ladrillo posiblemente estarían vendidos porque o Español aspira a ser o propietario da súa casa cando noutros países europeos non, hai unha expropiación, contratos de aluguer e vivenda social e a ausencia de esas políticas en España fai que queiran ter a casa en propiedade porque poden subir a renda cando queiran, as prorrogas dos contratos son ata cinco ou oito anos e iso non lle da seguridade a ningún entorno do fogar se tiveramos vivendas sociais e contención do contrato de aluguer regulados posiblemente non se vendería tanta vivenda, en Europa a gran maioría viven en vivenda social ou en aluguer e aquí a gran maioría son pequenos propietarios, non é malo pero non se pode basear a riqueza dun país só no turismo e descoidar sobre todo a educación e a sanidade en calquera caso solucionouse o da aceleradora de Mugar dos





pero primeiro era que se secaba o río do Seixo onde sacábamos o auga, despois a aceleradora de Mugardos e agora é que repartimos a auga que hai entre moitos o abastecemento ampliouse pero a tubaria non, segue sendo a mesma de 250 é un problema estrutural que custa tres millóns de euros e aínda encima as obras teñen que facerse fóra de Ares porque a tubaria non está en Ares, e aínda encima unha tubaria rota nas Pías que saca presión nun momento que necesitamos toda a que poidamos ter o arranxo é custosísimo e isto non vai ser nun ano vomo ben di o voceiro do BNG, tres millóns de euros non vai a ser nun ano porque efectivamente non hai capacidade financiara para levar a cabo esa inversión en consecuencia, o problema existe pero claro a taxa cobra o consumo non cobra outra cousa, vaise leer o contador e cobrase o servizo efectivo senón tiveran auga o domingo a determinada hora non a consumiu entón non pasou polo contador, o que pasou polo contador é un servizo efectivo prestado non hai maneira de non cobrar efectivamente unha tasa por un servizo consumido en consecuencia é moi difícil a concreción da algunha medida de compensación, primeiro porque é moi difícil de indentificar aos suxeitos, aos beneficiarios, e despois tamén é moi difícil non cobrar por un servizo efectivo. A nosa obriga é intentar arranxalo e niso estamos e recoñecemos que a moción ten o seu sentido recoñecendo que efectivamente ten a súa razón de ser e tamén recoñezo que o BNG ten a razón neste tema da realidade e da evidencia de que en determinados momentos prodúcense as situacións que se describen pero eu non lle atopo unha solución e tampouco neste intre unha alternativa a esa vontade expresada de retirar incluso ese punto, non se me ocorre como cubrilo, quitamos iso e que poñemos non vexo efectivamente unha alternativa, non queremos loxicamente evadir responsabilidades non queremos dicir que o BNG minte porque non é certo, pero non vemos como podemos facer para respectar o espírito que perseguídes que é quen sufra esta situación que teña unha compensación, non vemos a maneira e si nos comprometemos a seguir traballando para resolver a situación, todos sabemos que estamos facendo obras no abastecemento, que estamos gastando todo o que podemos e todos os anos gastamos en infraestruturas e imos a acondicionar depósitos alternativos, vimos a meter POS e imos a intentar mellorar a situación. Antes había problemas na zoa do cementerio, Papellas, Cmño. Pedras, Seselle, Raso agora xa non os hai, agora onde temos problemas, no Castro que é a zoa mais alta e nalgúns pisos altos dalgunhas rúas intentaremos reducilos, esa é o nos compromiso e evidentemente non imos a discutir o fondo porque a realidade porque non pode ser obxecto de negación, desde o primeiro momento recoñecemos que hai un problema e o BNG que está na oposición ten que incidir no que facemos mal e aquí non é que nos o fagamos mal, é una situación que ven desde fai anos, solución progresivas que forros paliando pero a definitiva a construción de novos depósitos de tres mil metros cúbicos no Alto de Simou e na tubaria de ampliación de abastecemento xeral a trescentos cincuenta mililitros, non hai outra solución.

O Sr. Alcalde abre a segunda queda de intervención, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que quere contestar ao voceiro do PP que di que trío una moción que non se pode traer, nos o que traemos aquí é a idea que nos traslada a veciñanza e estamos abertos a que isto se non se pode levar a cabo que se adopten outras medidas, a nosa vontade de atender a nosa veciñanza nun problema que padecen todos/as dende logo está demostrado. Si que había maneira de aboar





porque no recibo do auga unha parte é cota de servizo e outra parte é a cota do consumo polo tanto nós, na cota do consumo claro que non se pode facer porque a consumiu o veciño/a pero no servizo si entón ben esa sería unha maneira de facer, canto repercute iso ao concello, moi pouco, case nada, a cota de servizo é unha parte pequena da factura da auga e si votamos contas e os veciños/as que poden ser non repercuten nada.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que o problema é que veciños/as son.

Continúa novamente o Sr. Mesías Farías manifestando que dado que isto é así e a dificultade que se presenta é identificar aqueles casos onde foi eu agora digo, xa está, xa aconteceu pero sabemos que isto vai a acontecer o ano que ven entón nós o que pedimos é que o goberno neste sentido teña a previsión e empece a traballar xa na maneira de que cando isto pase poida haber este detalle xa digo, tiñamos en conta a cota de servizo, a cantidade pequena que é o número de veciños/as que son os que reclamen loxicamente non se vai a facer unha cuestión xeral porque o veciño/a terá que xustificar dalgunha maneira que non tivo ese servizo polo tanto xa non van a ser todos os que tiveron un servizo en malas condicións só aqueles que o xustifiquen que igual non lles vai a supoñer nada. Eu creo que é importante facer ver a cidadanía que estamos traballando na mellora do servizo de abastecemento de auga non só cos plans que xa hai e as modificacións de crédito que xa hai e que unha parte delas ten que ver co tema do abastecemento para a compra de terreos o normal e que vezan ese recoñecemento polo tanto, nós en vista de que non hai calquera outra solución e que a solución que nós plantexamos tampouco se ten en conta que sería a de a cota de servizo porque di que hai dificultade de xustificar debido a que isto é así a nosa vontade queda aí sobre da mesa e imos a manter a votación pero non queremos deixar pasar a oportunidade para recordar que este é un tema de hai moitísimos anos e que as responsabilidades son en ese sentido compartidas que non é unha cuestión que nacera co goberno do PSdG-PSOE senón que xa era un problema de antes, iso hai que recordalo, porque hai que recordalo, para que non volva a pasar, que é, cando hai una previsión de edificación ou un número mi importante de edificacións o que ten que haber é unha previsión de servizos, o Alcalde o acaba de dicir ágora correctamente, si chegan estar ocupados todos os pisos que hai sen vender, xa hai colapsos, colapso non, non habería non gota entón ben, é importante que quede plasmado no debate que estamos nun problema que ven desde moi lonxe e aquí igual os que saben máis disto é Luis e Manuel Cendán que son os que teñen responsabilidades de goberno cando todo isto se orixinou polo boom inmobiliario e iso é o que queríamos dicir.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que en canto a exposición do Sr. Alcalde non estamos de acordo, isto xa o dixemos na lexislatura pasada que o problema de Ares está na presión coincidiu ca crise e nos colleu a nos con tres millóns ou catro millón de facturas sen pagar e houbo que inverter o POS en gasto corrente e ese foi o problema. En relación a intervención do voceiro do BNG decírlle que este problema ven de vello pero os oigo anos que eu goberné non tiremos ningún





tipo de problema, o problema empezaba cando gobernaba o Sr. Vilasanchez había una loita porque o concello de Mugardos levaba o auga para alí eu recordo a Kiko nas comisións que dicía que había que cerrar de un lado e de outro, iso era o que pasaba de aquel entón foi cando Mugardos tivo que facer a renovación do auga e nos quedamos atrás e co tema do urbanismo a previsión tiña que ir e si que ía, a primeira obra grande grande que se fixo no Paralelo xa leva unha responsabilidade por parte da promotora de dar servimos a parroquia de Caamouco, a perfección non existe pero eu creo que si nos inverteremos durante estes anos no auga non teríamos problema, tres millóns lle calculas dez anos e estaría case resulta, vanse resolvendo temas puntuais pos claro que si, se cambia algunha tubaria que non hai presión nesa grúa e se lle da. Con respecto ao Camiño das Pedras aínda está sen resolver, aínda hai problemas e volvo a reiterar Emilio, isto hai que aprobalo, esta moción hai que aprobala e segues dicindo que hai que levalo así e eu creo que tes que propoñer outra alternativa que podamos aprobar os demais, porque isto así non se pode aprobar se non o vas a modificar e non lle vas a dar outra solución, a moción é para chegar a un acordo, o acordo que imos a aprobar aquí agora senón se cambia isto non ten validez, a validez ten que ter unha cousa concreta e que se poda levar a cabo porque isto aprobalo ou non aprobalo non vai ter significancia ningunha, temos que ser todos conscientes non é que o queremos tapar ou coincidir co Sr. Alcalde pero é que é a realidade, pon algo que podamos aprobar, a proposta é diferente falas do tema do recibo pois concrétao, cambio e propono e nós seguramente que o aprobamos pero pon algo que podamos aprobar, esta proposta non ten argumento de defensa e ti ven o sabes.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o que expón o voceiro do BNG e actuar sobre a cota de servizo porque na de consumo é imposible pero o da coa de servizo é o de mantemento da rede é dicir, un non paga a cota de servizo para ter un servizo óptimo, paga a cota de servizo para manter o servizo en baixa entón efectivamente tampouco se pode actuar na cota de servizo porque o servizo é efectivo é dicir, nós estamos mantendo o abastecemento en baixa entón, o recibo cobra a taxa que pasa polo contador e o mantemento das infraestruturas en baixa para que efectivamente o auga chegue, cando hai presión chega e cando non non chega pero as infraestruturas hai que mantelas igual porque o problema non son as infraestruturas nin o consumo o problema é que en Ares non entra o auga suficiente, podíamos haber decidido non levar o auga a Chanteiro, Cervás, Malata, Loureiros e que toda a auga quedara en Ares entón non habería problema, pero non decidimos iso, decidimos levar auga a Chanteiro un millón de euros, a Cervás un millón de euros, a Loureiros cento e largo, a Malata centro e largo e a máis sitios mais que non recordo entón eu creo que efectivamente non hai marxe no recibo do auga para actuar porque son servizos efectivos, mantemento da rede abastecemento en baixa, as tubarias están aí e hai que mantelas e cando hai unha rotura vaise a arranxar como que non hai servizo, son taxas, son servimos efectivos porque se manteen as infraestruturas e se cobra o que se consume o que non se consume non se cobra agora, o espírito da moción está clara que é compensar, si o espírito se queda en recoñecer o problema, non vemos ningún problema en recoñecelo porque é a verdade pero si a moción profundiza en compensación, a identificación dos usuarios potenciais xa é un obstáculo e esa é a realidade, non podemos apoiar o petitum pero si a exposición dos fritos, pero non podemos apoiar a moción polo petitum.





O Sr. Alcalde somete a moción a votación.

Sometida a votación a moción presentada polo grupo B.N.G. **“Prestación do servizo de abastecemento a usuarios e usuarias de Ares”** o Pleno do Concello por 2 votos a favor (2 BNG) 8 en contra (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) e 3 abstencións (3PP), acorda rexeitar a proposta.

A) Moción do B.N.G: Urgencia proxecto e obra acondicionada, anexar para ampliación do CPI As Mirandas.

Dáse conta da moción presentada polo B.N.G. “Urgencia proxecto e obra acondicionado, anexar para ampliación do CPI As Mirandas” de data 18 de agosto de 2020 do seguinte teor literal:

O GM do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta para o seu debate plenario a seguinte MOCION:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación actual provocada polas medidas ao respecto do chamado COVID19, están a modificar hábitos e cambios no noso día a día. Os concellos dentro das súas competencias e -moitas veces- fóra delas, están a asumir moitas destas decisións.

O comezo do curso escolar preséntase confuse, cun protocolo enviado pola Consellería de Educacion fortemente criticado por Profesorado, familias, AMPAS, sindicatos, etc... As medidas que se prevén, non son suficientes -ao noso xuízo- para aplicar no CPI As Mirandas. De todos e todas é sabido a situación de precariedade nas instalacións dende hai anos ao localizer dúas aulas de infantile en “casetas provisionais” comúnmente chamado barracóns, por falta de espazo.

Dende o BNG de Ares defendimos sempre e esiximos, a ampliación das instalacións do CPI, tando desde a propia organización con campañas, como dende a representación política no concello e no parlamento galego.

Sabedores de que inminente construction non é posible por unha cuestión de prazos -a un mes do comezo do curso- instamos ao goberno municipal como medida urxente e provisional, a que acondicione a finca onde vai ir a ampliación e a anexe ao recinto actual do CPI, para favorecer un espazo de lecer para os nenos e nenas do centro nos seus respectivos horarios.





Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

1. **Que o Concello de Ares, realice con urxencia o proxecto e obra coa finalidade de acondicionar e anexionar a finca indicada, para a ampliación - mencionados.**

En Ares, a 18 de agosto de 2020

Asdo.: Emilio Mesías Farías

Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que no seu momento xa se expuxo que isto dependía da aprobación do PXOM, así o entenden os servizos técnicos pero estamos de acordo ca exposición e tamén co petitum de facelo canto antes pero somos conscientes desde o goberno que nunca antes da aprobación do PXOM porque efectivamente non se pode actuar nese ámbito sen o PXOM aprobado pero ben, coincidimos na exposición e non petitum pero non é una decisión política senón que necesita informes técnicos, si os técnicos me din que podemos facer esa obra evidentemente faremos ese esforzo de facelo canto antes, e con este preámbulo un pouco doulle a palabra ao voceiro do BNG para que faga a exposición da súa moción.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que seguen mantendo o que nos din os técnicos consultados estamos a falar non da obra de ampliación do colexio que ten que realizar a Xunta, senón o previo a obra que ten que ser a posta a disposición dos terreos por parte do concello a Xunta para que poida facelo, esa parte previa que non hai certificación o que nos din os técnicos é que o que ten que facer o concello, en todo caso xa podía poñer a disposición a finca tal e como esta por si o necesitasen, pero xa digo que como isto o pode facer xa o concello pos nos estimamos a urxencia de facelo porque, porque xa están elaborando os orzamentos na Xunta e nós o que imos a pedir é una partida a Xunta para edificar a ampliación do colexio e conquese imos a xustificar que pedimos unha partida para facer un edificio cando a finca aínda non está a disposición da Xunta porque a parte do concello asignada no convenio indicaba que tiña que ter todos os servizos entón, como isto xa o falamos cos técnicos e os técnicos nos confirman que o tipo de obra que hai que facer por parte do concello que non é o edificio si que se pode facer aínda agora pois nós tiramos para adiante a nosa moción e é importante saber que previo a isto hai una serie de proxectos que tampouco entendemos como non se poden facer os proxectos de isto, como que non se poden facer, claro que se poden facer e xa se podería ir adiantando o traballo porque estamos no mes de outubro e en dos meses e medio ou tres meses e medio e o que vai a levar facer os traballos plenos para que o concello lle pase a finca a Xunta porque, porque no momento que entre en vigor xa se pode facer o edificio, entón estamos a perder o tempo, si isto o aprobamos agora mentres se inician os trámites e se fagan os proxectos que hai que facer xa van pasando meses e xa imos adiantando e polo tanto xa o podemos presentar como una proposta dos ornamentos da Xunta para que o ano





que ven nos ornamentos da Xunta fagan o proxecto, porque senón o facemos ágora non o vai a incluír nos ornamentos da Xunta, terán as súas xustificacións e polo tanto imos a perder un ano máis e nos entendemos que por un par de meses non se debe perder un ano, polo tanto nos imos a defender esta moción.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o seu voto vai ser a favor pero vendo a realidade, hai que ver as dúas posturas, por un lado o tema administrativo que é fácil pódense mover papeis e ir facendo as cousas, pero o problema aquí é o compromiso un compromiso do concello da urbanización da parcela, a consellería hai que entregarlle a parcela, pero a parcela urbanizada quero dicir, que o concello a parte de facer o proxecto ten que facer unha inversión importante entón, o que temos que pensar é de onde imos a sacar os cartos para facer a inversión, isto non se vai facer con catro duros e é unha responsabilidade do concello, hai que entregar a parcela urbanizada quero dicir, hai que facer as rúas, os peches, levar os servizos, hai que facer desmontes, nós desde o concello e o que temos que mover de onde imos a sacar os cartos para executar esa obra, iso é o que temos que meditar. Nós estamos a favor de que se faga canto antes pero con urxencia parte do tema administrativo e con urxencia vemos que saber de de onde vimos a sacar os cartos para invertir na obra de urbanización, nos estamos de acordo completamente pero hai una responsabilidade e nos temos que mollar todos, de onde imos a sacar os cartos e como imos a facer, se imos a crédito senón, é una responsabilidade de todos tomar unha decisión rápida.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández dando as grazas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que discrepa, non é a nosa obrigación urbanizar absolutamente nada, eu anises o convenio e si o que pon, o Conselleiro de Educación estaba diante e amén asinou, nos nos comprometemos a mover o cariño e en consecuencia vemos que entregar unha parcela sen o camiño e en consecuencia como camiño ten que haber temos que levar o camiño a parte superior, esa é a obrigación do concello, nos non vemos competencias en materia de urbanización, pero nin para facer o máis mínimo absolutamente nada e xa estamos pagando un conserxe que é persoal municipal e non nos corresponde, e estamos facendo obras que non son conservación, son melloras, lles puxemos un parque infantil que non tiñamos que poñer, porque iso é conservación non mellora, fixemos itinerarios de entrada e facemos máis do que nos corresponde porque conservar é o que hai non poñer nada novo entón si conservar é a obrigación que temos na parcela non hai nada que conservar, hai que mover un camiño para arriba e iso fase sen ningún problema, non é cuestión de cartos, é cuestión do PXOM non podemos mover un vial a unha zona que no PXOM non está previsto como vial porque é suelo rústico, mas normas subsidiarias é suelo rústico e non podemos mover un vial ao rústico entón, efectivamente a cuestión é técnica, cando se aprobe o PXOM a parcela xa é urbana polo que xa





podemos mover o vial o problema é que agora a calificación é rústica e sendo rústica, non se poden abrir viais, tecnicamente non é a apertura e o movemento do vial pero da exactamente igual porque en rústico non o podes facer, a obra non é cara e o noso compromiso é mover o camiño para arriba e entregarlles o resto e que fagan o que lles de a gana porque a competencia é de educación si queren a ampliación soamente tiñan que perder agora o aparcamento de mestres que é urbano a día de hoxe de onde aparkan os mestres é urbano e a pista deportiva é urbana podíanse facer a ampliación aí, que a querer facer arriba, xa tragamos con iso que expropiamos os terreos para dálles porque a resposta do concello tamén podía ser, vostedes tamén sitio no aparcamento e na pista ou é que aquí imos a capricho pero onde se viu iso, nos temos o suelo e punto e aí hai un aparcamento e una pista urbana, e onde facemos ximnasia, pois no pavillón que é onde o están facendo, e quen paga a luz, o concello, quen paga o auga, o concello, quen fai o mantemento, o concello cando se usa como unha materia que está regradada, porque temos nos que asumir eses gastos, onde se vi iso ou e que cando o colexio usa o pavillón non é cunha materia regada que é ximnasia porque temos que pagar nos a auga ou manter a luz, e que xa esta ben e aínda encima aquí enriba pois non mire hai suelo aquí abaixo un aparcamento e unha pista, amplía aí e que fagan ximnasia no pavillón, e onde aparkan, na rúa como o resto do pobo pero non quixeron arriba, pos arriba fi, pero agora que non digan que non se ampliou por culpa do concello, podería ampliarse abaixo dende fai doce anos, si se quere ampliar arriba, é unha decisión da comunidade educativa que o concello respecta pero habendo suelo abaixo compro ese, e hai que mover o vial e o vimos a mover sen ningún problema, pero que lle poden reprochar ao concello o que pode reprochar o centro de saúde que vimos a desinfectar tres veces ao día, e xa o do colexio é de traca, existir un reforzo de limpeza sen aumento de contrato, haber canto tarda, canto tarda en explotar iso, canto trata en explotar a empresa ata que digan ata aquí chegamos o COVID si pero isto se paga e ben educación ten que asumir esa responsabilidade. Estamos de acordo na filosofía da moción, compartimos a exposición e o petitum queremos que iso se faga canto antes aínda que sabemos que non temos porque pero o compromiso está aí pero seguen nos seguen dicindo que sen PXOM non se pode mover un vial porque é suelo rústico pero si os técnicos municipais asinan isto favorablemente votamos a favor da moción por iso nós pedimos unha emenda de adición que diga: "Que o Concello de Ares, realice con urxencia o proxecto e obra coa finalidade de acondicionar e anexionar a finca indicada, para a ampliación - mencionados no primeiro momento no que teñan os informes favorables dos técnicos municipais ou dende que teñan os informes favorables dos técnicos municipais" si os podemos ter agora xa está, pero eu creo que non o van a informar favorablemente, o artigo 37 da Lei do suelo o di claramente pero Emilio si aceptas esa frase en canto tiñamos os informes xurídicos ou favorables votamos a favor.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que antes de nada queríamos contestarlle ao voceiro do PP, el ben sabe o convenio que asinou coa consellería, o concello de Ares non ten que facer o proxecto para o edificio solo faltaría, o Sr. Alcalde o dixo moi claro,





o concello pon a disposición o terreo e a xunta ten que facer o edificio, o proxecto e o edificio, isto sempre foi así polo tanto, o Alcalde di, nós o que temos que facer é pasar o camiño de abaixo para arriba e efectivamente é o que nos pediron entón claro, que é o que temos que facer nós e cando nós presentemos a emenda de que a Xunta meta diñeiro para ampliación do colexio.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que os terreos non están dispoñibles.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que efectivamente esa sería a resposta da xunta por iso nós traemos aquí esta moción entón nós, poderíamos aceptar parte desta proposta, desta emenda que nos traslada o PSdG-PSOE no sentido en que hai unha parte de obra e hai unha parte previa, nós o que dicimos é que hai unha parte previa que si que é verdade o que apuntou o voceiro do PP que se refire a canto nos vai a saír e de que partida a imos a sacar, tendo en conta que os orzamentos os imos a preparar agora e entrarían en vigor o 1 de xaneiro e para esa data non estará feita a obra por tanto hai que tela incluída e hai que saber canto necesitamos para esa obra.

Interrompe o Sr. Alcalde dicindo que o proxecto da obra do camiño xa está feito.

Intervén a Sr. Marcos García que non o recorda, pero que non era unha exageración era unha cantidade asumible.

Continúa novamente o Sr. Mesías Farías sinalando que o que din é, que se realice ese proxecto coa obra que ten que ver co concello que é pasar o camiño para arriba e que no momento en que os técnicos dean conformidade de que esa obra se pode facer que se faga entón nós nese sentido si aceptamos, aceptamos a pesar de que os nosos técnicos manifestan que xa se pode realizar ese tipo de obra.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que lean o artigo 36 da lei do suelo o establece así.

Intervén a Sra Marcos García dicindo que os técnicos son os mesmos, todos somos concelleiros.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non, falo dos técnicos que nós consultamos entón que o fagan por escrito os técnicos municipais que a día de hoxe non se pode facer esa obra, esa é a petición que nós facemos, si esa petición se acepta e si os técnicos fan o informe onde se denega esa posibilidade, nós aceptamos esa emenda.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro do PP si aceptaría a moción coa emenda proposta.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si, pero que antes quería facer unha intervención, e que non se está vendo a realidade, eu ao que me refería é que o traslado do camiño é unha obra maior e necesita un proxecto e unha valoración.





Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa está feito.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que hai un desnivel e que hai que cambiar os servizos, hai que facer a expropiación dos terreos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa está expropiado.

Continúa novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández que cando se faga o desmonte o camiño non pode estar como estaba o terreo, hai que deslindar e iso o ten que facer o concello iso era ao que me refería eu, e iso ten unha contía económica.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o proxecto se levara a próxima comisión.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o que di é a realidade, é unha obra maior, cambiar o carril e poñelo ao mesmo nivel non hai problema pero aí hai parcelas que hai que poñelas igual e poñer os servizos.

Interrompe o Sr. Alcalde manifestando que se compromete a levar o proxecto a próxima comisión de urbanismo.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que en canto ao proxecto ao que se refire a moción iso está claro que é o proxecto da Consellería de Educación e vaino facer pero a nós nos pertence o cambio do camiño e o cambio do camiño parécenos unha cousa fácil pero non é fácil, iso hai que valóralo, que o leven a unha comisión de urbanismo e veredes que eu teño razón.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que na próxima comisión de urbanismo o levamos.

Continúa novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que no resto coincide, a consellería tense que facer responsable de moitas cousas. Nós imos a presentar unha moción pola vía de urxencia, que fala diso peronon quero adiantar nada.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que se compromete a levar a próxima comisión de urbanismo o proxecto e a debater alí a posibilidade técnica cos técnicos municipais que poñan pros a favor e se son asumibles ou si os contras son efectivamente verdadeiros obstáculos.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que niso tiña razón o técnico municipal, hai que saber a contía e os orzamentos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa están os proxectos feitos.

O Sr. Alcalde somete a votación a moción coa emenda de que existan os informes favorables dos técnicos municipais.





Sometida a votación a moción presentada polo grupo B.N.G. **“Urxencia proxecto e obra acondicionada, anexar para ampliación do CPI As Mirandas cos informes favorables dos técnicos municipais”** o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG PSOE, 1 de NAL, 2 BNG, 3 PP) acorda prestar a súa aprobación.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que queda aprobada a moción co compromiso do goberno de levar o proxecto a próxima comisión de urbanismo coa presenza dos técnicos municipais para a súa valoración.

B) Moción do B.N.G; Rexeitamento Protocolo COVID-19 para o ensino.

Dáse conta da moción presentada polo B.N.G. “Rexeitamento Protocolo COVID para o ensino” de data 18 de agosto de 2020, que a continuación se transcribe;

O GM do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta para o seu debate plenario a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

De maneira clara e unánime as organizacións sindicais do ensino e as ANPAS así como moitos concellos amosaron o seu rexeitamento ao Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-21. A proposta foi elaborada e aprobada unilateralmente pola Consellaría de Educación que se negou a negociar as medidas nel previstas así como os recursos necesarios para a súa implantación.

Cunha breve análise do texto podemos observar que a Xunta de Galiza elaborou o protocolo primando os criterios económicos por riba da calidade educativa e as garantías sanitarias, impoñéndolle a responsabilidade da súa planificación e execución ao persoal directivo e ao profesorado, ás nais e aos pais, así como aos Concellos que se deberán facer cargo da prestación e sobrecoste de certos servizos, sen que a administración competente en materia sanitaria e educativa, a Xunta de Galiza, asuma ningunha delas.

Así, atopámonos cun documento no que non se respectan os criterios establecidos por norma para o resto da poboación, como poden ser as regras de distanciamento persoal ou de aforamentos. Non se contempla por parte da Consellaría ningún tipo de complemento económico nin a contratación de persoal a maiores, nin non docente nin de persoal docente, imprescindible para reducir o número de alumnado por aula. Non se recollen medidas específicas de ningún tipo para o alumnado de necesidades educativas especiais, o máis afectado durante o confinamento, nin medios de transporte nin recursos de reforzo a maiores. Tampouco se adopta ningunha medida que solucione os graves problemas que se manifestaron durante o confinamento á hora de impartir aulas de maneira telemática, como a fenda dixital no rural, a formación do profesorado e alumnado





nin a achega de materiais físicos e educativos para ter garantida a educación universal para os nenos e nenas.

A maiores, e desde o punto de vista municipal debemos ter en conta varios aspectos:

Tal e como vén recollido na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local, os Concellos non teñen competencias en Educación nin en Sanidade, xa que estas son exclusivas da Xunta de Galiza.

Malia isto, na disposición adicional 4ª da leí 5/2014, do 27 de maio, de Medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, establécese que as competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais que ten que asumir a Xunta de Galiza en aplicación da Lei 27/2013 seguirán senda prestadas temporalmente polos Concellos mentres non se establece o marco normativo para a súa transferencia á Xunta. En materia de Educación as prestacións que á entrada en vigor da Lei prestan os Concellos limítanse ao mantemento e limpeza ordinaria dos centros educativos de Primaria.

Á altura na que estamos, agosto de 2020, por parte da Xunta aínda non se iniciou a elaboración da necesaria regulación para dar cumprimento á lexislación, o que amosa unha clara intención de que sexan os Concellos os que sigan a exercer esta competencia que non lle é propia.

No punto 4 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 establécense as medidas xerais de limpeza nos centros de ensino non universitarios. Estas medidas de limpeza extraordinaria esixirán realizar uns traballos nos centros educativos durante o desenvolvemento da xornada educativa que van moito máis alá dos que nestes momentos se realizan por parte dos Concellos. Será, polo tanto, a Xunta de Galiza, a administración con competencias en materia de educación e sanidade en Galiza, a que ten que asumir e financiar estes traballos e medidas de limpeza ás que fai referencia o Protocolo, non podendo ser os Concellos os que asuman nin a súa execución nin o seu financiamento.

No Consello de Ministros de 16 de xuño de 2020 aprobouse o decreto polo que se transferirán ás comunidades autónomas 2.000 millóns de euros dos fondos COVID-19 para adaptar e cubrir as necesidades da Educación como consecuencia da pandemia.

Parte destes fondos, loxicamente, correspóndelles á Xunta de Galiza para financiar o incremento de custes derivados das medidas de adaptación ao contexto da COVID-19.

Neste mesmo Protocolo regúlanse as condicións nas que se deben prestar as actividades extraescolares, o Plan Madruga e os comedores escolares.

Asociacións de nais e pais de alumnado manifestaron a súa disposición a seguir prestando estes servizos, imprescindíbeis para facilitar a conciliación familiar e laboral, sempre e cando por parte da Xunta se garanta a súa universalidade e o financiamento do sobrecoste.





Así mesmo, a Xunta de Galiza, como administración competente en materia de educación e sanidade, debe ser a que asuma a responsabilidade destas actividades, e non as delegue nas FANPAs.

A educación e a sanidade son aspectos fundamentais para o funcionamento da sociedade. A Xunta de Galiza, ante unha crise sen precedentes como a da COVID-19, non pode obviar a totalidade da comunidade educativa e aos Concellos, facendo recaer sobre eles a responsabilidade e o financiamento do subrecoste no sistema educativo. As declaracións do Presidente da Xunta en funcións sobre as abrigas que teñen que asumir os Concellos en materia de financiamento e sobre as FANPAs (ás que denominou operadores educativos) que manifestan a súa imposibilidade de garantir os servizos que prestan, son impropias de quen ten a responsabilidade do Goberno galego.

Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

1. Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID19 para o ensino, aprobado pola Xunta de Galiza, así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.
2. **Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios deste concello, derivado da COVID-19, asumindo a totalidade do sobrecoste.**
3. **Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo con urxencia por parte da Xunta de Galiza un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento do Plan Madruga, dos comedores e das actividades extraescolares no curso 2020-2021.**
4. **Emprazar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.**
5. **Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ANPA ou ANPAs que teñan implantación na localidade.**

En Ares, a 18 de agosto de 2020

Asdo.: Emilio Mesías Farías
Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que esta moción xa está debatida e polo tanto decae por erro material e se pasa a súa corrección de oficio.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo se non se vai a debater.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que xa foi debatida, veu por erro ao pleno.





O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si, que o seu grupo ten unha moi sinxela

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal PP **“Moción relativa al reparto de mascarillas infantiles al amparo de la legislación vigente”** de data 21 de setembro do seguinte teor literal:

MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR

Jose Manuel Cendan Fernandez en calidad de Portavoz del Grupo Municipal de Ares y, contando con el respaldo del citado grupo, desea someter a la consideración del Pleno, para su debate y aprobación, si procede, la moción relativa al reparto de mascarillas infantiles al amparo de la legislación vigente.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Con motivo de la actual pandemia el protocolo para iniciar el curso escolar indica la obligación del uso de mascarillas por parte de todo el alumnado a partir de 6 años y recomienda su uso desde los 3 años. Además de las mascarillas, la limpieza y desinfección de las manos es muy importante para proteger y frenar esta pandemia que estamos a sufrir.

Por este motivo el grupo municipal del partido popular de Ares considera necesario invertir en la seguridad de los mas pequeños y a sus familias intentando frenar los posibles contagios que se puedan producir durante la nueva etapa lectiva, por ello solicita al pleno de la corporación municipal de Ares la adopción del siguiente

ACUERDO:

1º - Que el Ayuntamiento de Ares reparta a todos los niños menores de 16 años del ayuntamiento de Ares que curse en el C.P.I As Mirandas un lote compuesto por mascararas homologadas, bote de gel desinfectante y una funda para guardar las mascararas.

2º - Que el Ayuntamiento de Ares reparta mascarillas homologadas reutilizables infantiles a los niños menores de 16 años del ayuntamiento de Ares que curse en el C.P.I As Mirandas de forma periódica.

3º -Que el Ayuntamiento de Ares, en tanto no adquiera mascarillas homologadas reutilizables infantiles, reparta de manera urgente y provisional mascarillas higiénicas infantiles a los niños menores de 16 años del ayuntamiento de Ares que curse en el C.P.I As Mirandas a razón de una diaria los días lectivos.





4º - Que el Ayuntamiento de Ares aporte al C.P.I As Mirandas homologados para filtrar sospechosos de coronavirus.

Ares, a 21 de setembro de 2021

Fdo.: José Manuel Cendán Fernández

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a moción é sinxela, simplemente ven a dicir que dentro das posibilidades do concello o que podemos facer co colexio é axudar dotando aos nenos de mascarallas, hidroxel colaborar co que o colexio nos pida, por parte nosa non hai ningún problema en facilitar dito material.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que presentada a moción pola vía de urxencia procedemos primeiro en votar a urxencia e efectivamente o fondo claro que é urxente, estamos nunha pandemia e lóxicamente é unha situación preocupante. Afortunadamente imos mellor pero iso non significa nada porque para a semana podemos empeorar, isto non significa nada pero ben, está a dicir Alma que fai catro días o PP de Galicia rexeitou dar mascarallas aos escolares entón porque queres que a paguemos nós.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo, a min o que diga a Xunta e o que fagamos nós é outra cousa, estou a esixir a todas as administración que todo o que podamos facer como se fixo anteriormente, temos unha referencia sabemos que hai un foco agora mesmo que ven do colexio, a semana pasada un esta semana outro e todos os esforzos que podamos facer desde o concello que os fagamos. En resumidas contas tratase de que os medios que temos para axudar no tema escolar pois o acheguemos, si podemos conseguir as mascarallas pois vale despois que a Xunta toma decisión autonómicas pero nós estamos para defender sempre o que me toca a min defender que é o Concello de Ares.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o goberno de España vai a repartir mascarallas ao Concello de Ares tocaranlle algunhas entón podemos comprometermos a entregar esas ao colexio, hai que mirar como se reparten, si son pouquiños e non chegan para todos pois case é mellor reservas para colectivos vulnerables, aos nenos de familias en risco, hai que repartir con ese criterio senón chega para todos primeiro hai que darlle a quen non poden compralas agora ben, isto require dende o meu punto de vista un análise máis detallado, ver o que nos vai dar o goberno e que imos a cubrir, en principio nós nos imos a votar a urxencia porque isto é un tema serio e hai que facer unha reflexión, en principio isto é unha competencia autonómica no ámbito da sanidade a educación, senón quere que as de educación que as de sanidade isto é educación e protección, isto son competencias autonómicas pero claro os concellos ao ter que exercitar subsidiariamente o que non fan os outros entón efectivamente esixe un mínimo debate agora, non nos negamos a darlle ao colexio o que sexa necesario e hai que ter un intercambio de opinións nunha comisión mais sosegada e isto non foi a comisión porque non entrou en prazo para incorporarse no orde do día entón eu lle





diría ao PP que a retire para que vaia pola vía ordinaria e debatela en comisión porque senón imos a votar en contra da urxencia esa é a situación, eu quería coñecer a opinión do resto de menor a maior.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández sinalando que tamén cree que o mellor e debatelo nunha comisión.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que aquí o que estamos a tratar é de votar a urxencia entón isto é o que é, isto é o principio do curso e eu o considero urxente e non teño ningún problema en debatela, o PP xa sabe o que imos a dicir porque xa o dixeches ti, é unha cuestión de competencia da Xunta e nos non podemos atacar, nós o que podemos facer é auxiliar ou sexa, auxiliar as medidas da xunta o que dixo o Alcalde, que nos ven un material que nos manda o estado español para aquí pois ben, nós auxiliámos iso que ten competente a xunta e traspasamos tamén ao colexio, agora asumir nós o gasto non, pero eu estou en que deberíamos votar a urxencia para debátelo.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando ao veceiro do PP si retira a moción e espera a comisión de educación ou votamos a urxencia.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que prefire que se vote a urxencia porque xa está empezando o curso escolar e creo que nós temos que volcarnos aí sexa economicamente, con material ou con persoal algo temos que facer aí.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que tiña que meter na exposición porque isto nolo pides porqué a xunta non o fai.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que non sabe si a xunta o quere ou non facer hai moitas cousas que se fan mal, co tema da limpeza a xunta na moción que se retirou por parte do BNG fanse alegacións que non son certas, e a Xunta xa asumiu o tema da limpeza, xa reforzou.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non, o que fixo foi unha ampliación do servizo por la situación que non é mesmo.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a xunta vai a asumir os gastos e cas ANPAS comprometeuse a darlles cartos para axuda aos comedores mentres non se fan as cousas porque sabedes como funciona a administración, nós dentro das posibilidades que podamos empezar xa que a semana pasada houbo un infectado e esta semana outro, non podemos deixalo para o mes que ven, a min se non fora unha cousa urxente dábame igual, debemos actuar xa.





Responde o Sr. Alcalde dicindo que no va a votar a favor da urxencia porque si votamos a favor da urxencia imos a votar en contra do petitum, eu creo que o petitum agudice cando menos da motivación real que é que como a xunta non o fai, alguén ten que facelo e temos que ser nós e non é así e en todo caso nós non nos negamos a axudar pero efectivamente iso é un debate máis sosegado, queremos que vaia a unha comisión.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que vai a poñer un exemplo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non fai falta, nesa comisión podemos falar de máis cousas do COVID.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que cando fóra do barco evidentemente houbo un gasto que asumir e despois o devolveron.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que deron de aquela maneira, e non tivemos asesoramento de ninguén do que podíamos pedir e nos quedamos moi curtos, fíxate si pedimos pouco que nolo pagaron todo sen rechistar, aí equivocámonos pero ben, xa pasou e de todo se aprende, oxalá non volva outro barco pero si volve outro xa sabemos máis cousas.

O Sr. Alcalde manifesta que vai somete a votación a urxencia, e nesa comisión eu invitaría aos voceiros a falar do colexio pero de todo o colexio non só de darlle marcarallas aos nenos de todo o colexio, comedor, transporte, grupos, profesores é dicir da situación que hai porque ao mellor efectivamente a dirección tería que pronunciarse sobre moitas cousas que imos a ver e están pasando unhas nos parecerán ben e outras non entón vivir sobre unha recesión xeral.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que o seu posicionamento nesta moción se non se cambia vai ser exactamente a mesma hoxe que dentro dun mes entón nós estamos a favor de que se aprobe a urxencia para poder debater porque non imos a ter outra visión, quero recordarlle ao PP que a semana pasada levou o BNG ao Parlamento de Galiza e o PP votou en contra disto cando son as súas propias competencias. En canto o tema da limpeza que falaba agora, hai uns informes tanto da FEGAMP como da Deputación da Coruña deixando claro que a limpeza e desinfección en materia primaria non é unha competencia dos concellos senón que é competencia da Xunta de Galiza entón non podemos redefinir e redefina vostede esta moción acaban de dicir que trae unha moción que non se pode aprobar, redefina vostede esta moción porque esta moción loxicamente xa excede das competencias, unha cousa é asumir as competencias e outras prestar auxilio, e aquí estamos todos de acordo en que xa estamos prestando auxilio e máis auxilio que podemos prestar se nos veñen as mascarar polo tanto nós lle pedimos ao voceiro do PP en alas de que isto non veña





dentro dun mes que vai a ser exactamente o mesmo defina vostede a moción onde lle pidamos nós a Xunta de Galiza que cubran os gastos das mascarar, entón nós votamos a favor da urxencia e a favor da súa moción con ese petitum.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención.

O Sr. Alcalde some a votación a urxencia.

Sometida a votación a urxencia da moción, o Pleno do Concello por 5 votos a favor (3 PP, 2 BNG) e 8 en contra (7 do PSdeG PSOE, 1 de NAL) acorda rexeitar a urxencia.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a moción pasa a comisión de educación, na seguinte comisión de educación vai este tema a debate e por suposto que ao colexio van a chegar máscaras, como mínimo as mascarallas que nos entregue o goberno van a chegar aos nenos máis vulnerables e desfavorecidos fixo, e si se pode chegar a todos tamén e dicir, nos comprometemos a entregar as mascarar que nos cheguen a ese colectivo máis vulnerable polo que non é un rexeitamento é efectivamente é unha redifinición do tema.

Punto núm. 6.- Rogos e preguntas

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG para que proceda a formular as súas preguntas.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que soamente son dúas preguntas, hai quince días presentamos unha petición para consultar o proxecto das obras que se están levando a cabo nas Balsas que consta nunha gasolneira, estación de servizo e onde se está a facer un desmorte, ademais de pedir un acceso a documentación que xa vimos a documentación, nós preguntábase tamén se o concello era coñecedor dos desmontes e onde se estaban vertendo e se tiña o debido permiso, esa pregunta non nos foi contestada. Despois tamén nós queremos dicir que como nós pensábase os depósitos da gasolina va a ir exactamente por onde está marcada a vía que está incluída no plan que aínda non entrou en vigor que estamos a espera polo tanto, xa sabemos que esa estrada coa que nós estamos totalmente en desacordo porque cruzaba A Xunqueira, xa sabemos que non se vai facer.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando si se refire ao Plan Move da Xunta.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non o sabe exactamente si era o Plan Move.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que iso foi incorporado no plan, a nós tamén nos parece moi ben que non se poda levar a cabo, porque a súa inclusión no plan foi obrigado.

Continúa o Sr. Mesías Farías sinalando que a cuestión é que iso vai a prexudicar a parcelas que están afectadas por esa estrada e que non se van a levar, porque iso é increíble, esa estrada non se vai a levar pero as parcelas que están afectadas van ter que respectar esa liña.





Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, cando este aprobado o plan instaremos unha modificación puntual.

Continúa novamente o Sr. Mesías Farías sinalando que mentres tanto a liña que marca é esa.

Na segunda cuestión era que nós presentamos tamén unha alegación a ordenanza de aparcamento que aínda está sen resolver, queremos saber como está o tema e se vai a haber algún cambio como nós propuxemos ao respecto de todo o que foi nese plan de aparcamentos.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén a o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que a pregunta que vai a formular xa foi exposta, quero que me conteste o concelleiro de obras xa que hai unha serie de problemas nas obras das Casas Baratas os veciños dirixíronse a min e eu xa lle dixen ao concelleiro de obras que pasara por alí e non sei si tomou algunha decisión ou non.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que en canto o proxecto das Balsas todos os informes sectoriais foron favorables e en consecuencia ten autorización, os desmontes veñen no proxecto ou sexa que están autorizados, a donde leva o verquido das terras, se virte en Ares necesita autorización, pero eu teño entendido que virte no polígono Vilar do Colo, eu fun alí pregunteulle directamente e me levaron a onde están vertindo entón está vertindo en Fene, nós non temos capacidade de autorizacións en Fene si que é certo que a partir de aí ten que ter permiso do Concello de Fene ou sendo un polígono industrial non sei de quen, pero dende logo non é competencia do concello de Ares. As actuacións estanse levando a cabo con todos os permisos pertinentes e o vertido de terra non é en Ares, é fora de Ares.

En canto a ordenanza de aparcamento está en estudo facerlle modificacións, sabemos que se fixo dunha maneira precipitada, creemos que conseguiu os seus obxectivos, quitamos xente das praias, a Sabadelle poden ir so os coches dos residentes en Ares, en Estacas só poden ir os coches dos residentes en Ares é dicir, eu penso que conseguíronse os obxectivos e os veciños de Ares tiñan onde aparcar non tiñan que dar vinte voltas. Queda por arranxar o tema de Redes, evidentemente en Redes hai un problema o aparcamento que hai non chega, temos que executar canto antes o aparcamento do club de tenis, cos dous xa poderíamos quitar todos os coches das zoas onde non deberían de estar agora, e por suposto as modificacións da ordenanza iran nas respectivas comisións e faremos loxicamente valoración dos cambios e tamén nos ofrecemos a que os grupos políticos poidan incorporar ou opinar sobre o seu contido porque de feito como imos a modificar algúns puntos pois tamén podemos modificar outros entón, podemos levar o debate a unha comisión e aí ver en profundidade e incluso as vosas aportacións que ao mellor neste momento no o recordo pero si digo que vai a revisarse.

En canto as casas baratas estase a executar unha obra que penso que tanto a concelleira de urbanismo como o concelleiro de obras pois efectivamente como todas as obras que se executan están en contacto coa empresa que fai a obra e loxicamente cos veciños. A actuación





que se está a facer e no saneamento e iso provocou a aparición dalgunhas ratas e iso estase controlando e se está a falar con todos os veciños afectados entón ben, eu non teño noticias de que iso non vaia ben, as obras estanse a executar con todas as medidas e todos os controis , as obras aínda non se remataron e son incomodas pero en principio non hai problemas.

Intervén a Sra. Marcos García sinalando que houbo un incidente, fixéronse unhas catas e rompeuse a tubaría de auga.

Interrompe o Sr. Vilar Rico aclarando que houbo unha fuga na Rúa Irmáns Bugallo esa fuga foi reparada e can abriron o auga o aumento de presión porque non hai bocas de rego rebentaron tubarias, falei cos veciños e quedou parte solucionado.

Intervén a Sra. Marcos García manifestando que atendeu a outra veciña pola mesma incidencia e xa se fixo a reclamación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que esta é un pouco a situación.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que os veciños están preocupados porque cando houbo a rotura da tubaría puxeron un parche enriba e se foron entón eles dixeron, van a tapar e logo iso vai a quedar así.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que iso non se fai así, hai que distinguir o que é provisional do que é un fin de obra, as obras hai que deixalas rematar e iso loxicamente vai quedar ben.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dúas horas e catorce minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

